

FERNANDO VII

A partir dos seguintes documentos, elaboraremos unha composición de texto histórico sobre a evolución política durante o reinado de Fernando VII (1814-1833).

No 1805 tivo lugar a batalla de Trafalgar, na que a armada hispanofrancesa enviada por Napoleón a Inglaterra foi estragada pola inglesa dirixida polo xeneral Nelson. Ante esta derrota, Napoleón tentou levar a cabo un bloqueo continental para colapsar a economía inglesa, pero Portugal negouse a aceptalo e entón o dirixente francés decidiu conquistalo contando co apoio de España.

O goberno español dirixido por Godoy (valido de Carlos IV), autorizou o paso das tropas francesas no 1807, acordando así o mutuo reparo de Portugal e a creación dun reino dos Algarves para Godoy, que aspiraba a ter máis poder (tratado de Fontainebleau).

O aumento de poder por parte de Godoy e a súa influencia sobre os reis fixo que Fernando, o fillo do rei, temeroso de perder as súas posibilidades de reinar, crease un grupo opositor na Corte formado na súa maior parte por aristócratas. Este partido fernandino tentou desprestixiar o valido e os reis e atentou contra el. A posibilidade do reinado de Godoy no Algarve acelerou os plans subversivos de Fernando, que foron descubertos e abortados en outubro do 1807.

A comezos do 1808 a entrada das tropas francesas causou un gran malestar popular e Godoy que sospeitaba os plans de Napoleón para facerse con España propúxolle a Carlos IV que se retirase a América coma os reis portugueses, pero non lle fixo caso e trasladáronse a Aranjuez, de xeito que medraron os temores do pobo e os fernandinos continuaron coas súas labores de desprestixio.

O 17 de marzo de 1808 prodúcese o Motín de Aranjuez, obrigando a Carlos IV a abdicar no seu fillo Fernando que é nomeado rei de España.

Carlos IV pide axuda a Napoleón, que consciente da decadencia da monarquía española, reúne a familia real en Baiona e obriga a Fernando a devolverlle a coroa ao seu pai, quen á súa vez lle cede os seus dereitos a Napoleón, que nomea ao seu irmán Xosé (rei de Nápoles) como rei de España (abdicacións de Baiona) e compensa economicamente aos antigos reis que contan con privilexios en Francia.

Ademais, para conseguir partidarios, Napoleón convoca en Baiona unha Asambleta con representantes españois dos tres estamentos, na que xuran fidelidade a Xosé I e se aproba unha lei que regula as relacións entre o novo rei e os seus súbditos. Esta lei era obra do propio rei, polo tanto era unha Carta Outorgada na que Xosé Bonaparte se autolimita no exercicio dos seus poderes. Era unha Constitución conservadora que establecía unha monarquía na que o rei seguía sendo o centro de todo o sistema, pero cunha certa separación e limitación de poderes (crea un Senado, un Consello de Estado e unhas Cortes). Xosé I tentou gobernar España con boas intencións de cambio e renovación, pero atopouse cun país en guerra e cos intentos de Napoleón de anexionalo, ademais das masas populares que o alcumaron Pepe Botella e rei Pepino.

Aínda así, entre outras medidas, suprimiu os dereitos señoriais, reduciu as ordes relixiosas masculinas e eliminou as aduanas interiores e aranceis, ademais de potenciar a liberdade económica, as escolas e a centralización da administración, polo que a extinción dos privilexios señoriais supuxo a abolición das estruturas do Antigo Réxime.

Xosé I estivo apoiado por un pequeno grupo de españois, os afrancesados, que crían nas reformas para chegar ao cambio en España sen caer en extremos como o fanatismo ou a anarquía.

No 1808, o traslado da familia real a Francia provocou un gran malestar en Madrid. O 2 de maio, os madrileños amotináronse contra os franceses e foron duramente sometidos, o que provocou a sublevación en toda España. Esta insurrección popular marcou o comezo dunha dura guerra contra os franceses. A defensa do territorio foi asumida polas masas populares, empurradas polo clero e a nobreza. A superioridade militar francesa obrigou aos españois a adoptar a guerra de guerrillas para defenderse, que se baseaba na formación de pequenas partidas de homes que coñecían o terreo e atacaban sen prestar nunca batalla frontal. Destacan algúns xefes das guerrillas como Xoán Martín Díaz o Empecinado. Nesta guerra de Independencia interviu tamén o exército inglés, para defender Portugal e expulsar aos franceses.

Ao final, estes últimos retiráronse porque Napoleón, na súa tentativa de conquistar Rusia precisa as tropas instaladas en España e esta debilidade é aproveitada pola ofensiva hispanoinglesa, que consegue expulsar ás derradeiras tropas francesas a comezos de 1814.

Napoleón, unha vez en Moscova, no 1812, ten que retirarse pola falta de abastecementos e polo frío infernal. Xosé Bonaparte, tras sucesivas derrotas dos franceses sae de España e os afrancesados exiliáanse. A finais de 1813 Napoleón devólvelle a coroa española a Fernando VII (Tratado de Valençay). Tras os seus fracasos militares fórmase unha coalición antifrancesa que derrota a Napoleón e o envía á illa de Elba, logra escapar, volver e establecer o coñecido como Imperio dos Cen días, pero é derrotado definitivamente e enviado á illa de santa Helena, onde morre.

Paralelamente ao desenvolvemento da guerra, entre as elites dirixentes foise extendendo a idea da necesidade de convocar unhas Cortes xerais para definir a situación do país, pero había dúas posicións enfrontadas, os que querían restaurar o absolutismo e os que querían o liberalismo. As Cortes reuníronse en Cádiz o 24 de setembro de 1810 e predominaron as clases urbanas instruídas, o clero medio urbano e ilustrado, os avogados e os militares. Foron escasos os comerciantes e nobres e non asistiu ningún campesiño. Os presentes podíanse dividir en liberais, realistas e absolutistas. As Cortes de Cádiz estableceron un modelo político, administrativo, social e económico inspirado nos principios do liberalismo. As Cortes proclaman a Constitución (Asamblea constituínte) coñecida como a Pepa por ser aprobada o 19 de marzo (aniversario da subida ao trono de Fernando VII). A Constitución recolle o espírito e as ideas liberais da maioría dos deputados presentes en Cádiz, como a soberanía nacional, a monarquía como forma de goberno, unha rixida separación de poderes, a defensa dos dereitos e liberdades dos cidadáns, a confesionalidade católica do Estado e créase, ademais, a Milicia nacional.

En marzo de 1814 retorna Fernando VII e contando co apoio de gran parte do clero, dos nobres e dos militares, Fernando VII declara nulos os decretos e a Constitución elaborados polas Cortes e restablece as institucións do Antigo Réxime (Manifesto dos Persas), ademais o Antigo réxime xa fora restablecido en toda Europa, tras a derrota de Napoleón, pola Santa Alianza (Congreso de Viena). Esta volta ao absolutismo é aceptada polas masas que vían o liberalismo como agresións á relixión.

As forzas liberais eran minoritarias, para obrigar ao rei a aceptar o sistema liberal formaron sociedades secretas que tiñan como obxectivo a defensa da liberdade (masonaría), á conspiración e aos pronunciamentos de parte do exército que se pronuncia a favor da substitución dunha monarquía absoluta por unha monarquía liberal inspirada nos principios da Constitución de Cádiz. Os sucesivos intentos fracasaron e moitos dos seus líderes foron executados. Este período coñécese como Sexenio Absolutista (1814-1820).

O 1 de xaneiro de 1820, entre as tropas preparadas en Andalucía para ir a combater os independentistas americanos, Rafael del Riego (espadón) proclamou en Sevilla a Constitución de Cádiz. Aínda que só unha parte do exército o secundou, ante o éxito dos pronunciamentos liberais en toda España e ao verse sen apoios, Fernando VII viuse obrigado a xurar a Constitución. O triunfo dos revolucionarios españois causou a coñecida como vaga revolucionaria dos anos 20 en Europa. Volveuse a poñer en vixencia toda a lexislación aprobada en Cádiz. Os diferentes pensamentos dos liberais deron lugar a dúas correntes, os moderados e os exaltados (futuros progresistas), enfrontados polo control das institucións. Esta división favoreceu os intentos absolutistas de restablecer o Antigo Réxime, contando co apoio de Fernando VII que nunca acatou sinceramente a Constitución. Esta etapa coñeceuse como Trienio Liberal (1820-1823).

A finais de 1822, o medo á extensión da revolución por Europa, levou as potencias absolutistas reunidas en Verona (Santa Alianza) a decidir a súa intervención en España para restaurar o goberno absolutista. No 1823, un exército francés (os Cen Mil fillos de San Luís), dirixido polo duque de Angulema, invade España acompañado por partidas de Voluntarios realistas españois. Unha vez recuperado o poder absoluto, Fernando abole todas as leis e institucións creadas no Trienio Liberal. Isto implicou unha forte represión contra os liberais, que foron executados ou se exiliaron e continuaron a súa militancia no estranxeiro. Destaca nesta época a obra “*Mariana Pineda*” de Federico García Lorca así como a figura do pintor Francisco de Goya. Este período coñécese como

Década Ominosa ou Absolutista (1823-1833).

No 1829 Fernando VII casa con María Cristina de Borbón e ten dúas fillas: Sabela e Luísa Fernanda, pero a Lei Sálica introducida por Felipe V no 1700 impedía a sucesión no trono ás mulleres, por iso no 1830 Fernando promulga a Prágmatica Sanción, que é a derogación parcial da Lei Sálica e proclama a Sabela herdeira da súa coroa.

O seu irmán Carlos e os seus partidarios opóñense e tras a morte de Fernando no 1833, reclama a coroa ao mesmo tempo que a raíña María Cristina o fai para a súa filla. Este choque de intereses propicia o estoupido da primeira guerra carlista.

En Galicia, na guerra da Independencia, a liberación do territorio foi realizada fundamentalmente polo pobo, converténdose así no primeiro territorio liberado do dominio francés.

É destacable a figura do Marqués de Sargadelos, un afrancesado que producía armas e estaba a favor do sistema capitalista, polo que rematou sendo executado.

Como conclusión podemos dicir que despois deste período se rematou co absolutismo en España, aínda non se chegou á democracia, pero xa non se vive na férrea sociedade estamental anterior e co tempo, o liberalismo triunfará por completo.